



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Convocatoria e bases brigada forestal 2025 (convenio Consellería Medio Rural e o Concello de Arteixo)

Por Decreto de Alcaldía nº 1766/2025 de data dezanove de xuño de dous mil vinte e cinco, apróbanse a convocatoria e as bases para a cobertura temporal, a través do procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN, dunha Brigada forestal, composta por un/ha xefe de brigada e 4 operarios/as (un/ha deles, operario/a condutor/a), ao abeiro do Convenio subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Arteixo para o ano 2025, que de seguido se expoñen:

PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN PARA A CONTRATACION TEMPORAL DUNHA BRIGADA FORESTAL POR 3 MESES A XORNADA COMPLETA, COMPOSTA DE 1 XEFE DE BRIGADA, UN/HA OPERARIO CONDUCTOR E 3 OPERARIOS DE BRIGADA FORESTAL, EN MODALIDADE CONTRACTUAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA 2025.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente, a convocatoria e regulación do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso-oposición, para cobertura temporal do persoal laboral integrante dunha Brigada forestal, composta por un/ha xefe de brigada e 4 operarios/as (un/ha deles, operario/a condutor/a), de conformidade ao Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Arteixo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais no ano 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan estratéxico de Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027).

O persoal seleccionado para a Brigada Forestal ao abeiro da subvención concedida polo referido Convenio interadministrativo, un/ha xefe de brigada e 4 operarios/as (un/ha deles, operario/a condutor/a), será contratado como persoal laboral temporal durante 3 meses a xornada completa, con contrato de duración determinada por circunstancias da produción, se conformidade ao establecido polo art 15.2 do RDLex 2/2015 de 23 de outubro, do texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

As brigadas funcionarán de conformidade ao estipulado no referido Convenio entre a Consellería de Medio rural e o Concello de Arteixo (cláusula terceira e seguintes) baixo a supervisión do Distrito Forestal, quedando a Brigada integrada por un/ha xefe/a de brigada e 4 operarios (un/ha deles operario/a condutor/a), coas seguintes retribucións mensuais:

- Xefe/a de brigada: 1.933,35 € salario maila prorrata de paga extra que corresponda 322,23 €.
- Operario/a: 1.489,08 € (salario base: 656,23 € + CD: 311,19 € + CE: 521,66 €), maila prorrata de paga extra que corresponda 248,18 €.

SEGUNDA.- REQUISITOS ESIXIDOS

Para ser admitido/a á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1º Nacionalidade: Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2º Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto por desempeñar. De conformidade ao establecido no Convenio asinado entre o Concello de Arteixo e a Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia, os/as aspirantes propostos/as á contratación, deberán realizar con carácter previo á efectiva contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo. Así mesmo e de xeito complementario, deberán aportar certificado médico ou informe do estado de saúde que acredite a capacidade de realización das probas físicas de resistencia/esforzo. Paralelamente ao inicio da prestación de servizos o Concello realizará un curso teórico-práctico de formación sobre a prevención e a defensa contra os incendios forestais dun mínimo de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia do curso (Enxeñeiro/a de Montes ou Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal) co contido previsto no Anexo II do Convenio. Esta formación é obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións do Convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade

3º Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non haber alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

4º Habilitación: Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública, de órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, tanto para o acceso á función pública como para exercer funcións similares como persoal laboral nin estar incurso en causa/s de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Asinarase Declaración xurada a este respecto, incluída no Modelo de Instancia recollido nas presentes Bases.

5º Titulación e carnés profesionais: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias:

- Para xefe/a de Brigada A2: Enxeñeiro/a de Montes, Enxeñeiro/a Técnico Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural, Técnico/a en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, Técnico/a en Emerxencias e Protección Civil ou Formación Profesional equivalente. Ademais deberá estar en posesión do carné de conducir tipo B.

- Para operario/a condutor/a: Graduado/a ESO ou titulación equivalente e carné de conducir B

- Para operarios/as : Graduado/a ESO ou titulación equivalente

Os/as aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán estar en posesión da correspondente credencial de homologación ou, no seu caso, do correspondente certificado de equivalencia.

Este requisito non será de aplicación aos/ás aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

2.2.- Os requisitos establecidos deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo ata o momento da do nomeamento.

TERCEIRA.- INSTANCIAS, DOCUMENTACION E PRAZOS DE PRESENTACIÓN

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Alcaldía-Presidencia, e presentaranse preferentemente por vía electrónica na sede electrónica do Concello: https://sede.artexio.org/sxc/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N , ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **5 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**.

Complementariamente, as bases publicaranse na páxina web municipal para efectos informativos, sen que tal publicidade sirva para determinación algunha de prazos de presentación de instancias.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas correspondentes, os/as aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación, ademais de presentar a documentación requirida.

A instancia acompañarase inescusablemente da seguinte DOCUMENTACIÓN:

- DNI (no seu defecto, resgardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).

- Titulación requirida e carnés profesionais, segundo se opte a Xefe/a de Brigada, Operario/a condutor ou Operario/a. As persoas aspirantes que opten a varias prazas/postos unicamente deberán aportar unha vez a documentación.

- Certificado médico oficial ou informe sobre o estado de saúde, asinado por un médico colexiado en exercicio, no que se faga constar que o/a aspirante non presenta enfermidade ou discapacidade que impida o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico. Dito certificado cómpre ter unha antigüidade máxima de 3 meses respecto da data de realización da proba de resistencia física/esforzo. Non se terán en conta certificados médicos que non recollan o sinalado anteriormente, sendo que os/as aspirantes non poderán realizar os exercicios, quedando excluídos do proceso selectivo.

- Declaración xurada específica dos requisitos contemplados nas presentes reguladoras ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto ás presentes Bases.

- Méritos profesionais e académicos que se desexen presentar, de conformidade ás presentes Bases. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia dos contratos de traballo mais o Informe de Vida laboral ou, no caso de Administracións públicas, certificado expedido polo Fedatario público da Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía xornada.

- Título de Celga III ou equivalente (no caso de non posuír o certificado de coñecemento de lingua galega, deberase realizar unha proba de lingua galega segundo o establecido nas presentes bases reguladoras).

- No suposto de persoas aspirantes con algún tipo de diversidade funcional ou discapacidade non inhabilitante, deberáse facer constar na Instancia aportando xunto co Certificado médico a documentación oficial acreditativa de tal condición. Aos efectos das presentes bases calquera referencia a este colectivo de diversidade funcional/discapacidade realizarase incluíndo no mesmo a todas as persoas aspirantes con pensión de incapacidade laboral permanente, en grao de absoluta, total ou gran invalidez ou pensionistas de clases pasivas segundo o establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de Emprego 3/2023, de 28 de febreiro, aportando aos efectos oportunos de asimilación, a acreditación documental oficial de tal condición de pensionista por estas causas.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

4.1 Listaxe provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se declarará aprobada a listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org).

4.2 Prazo de reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org), para a presentación das alegacións, solicitudes de rectificación o reclamacións que estimen oportunas.

De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante provisionalmente excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da listaxe de aspirantes.

De non existir aspirantes excluídos/as, ser inviable a emenda dos defectos da solicitude por non reunir os requisitos establecidos para participar na selección, ou non presentarse reclamacións, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional, constituíndose o tribunal seleccionador e dando inicio ao proceso selectivo.

4.3 Listaxe definitiva. Rematado o prazo de reclamacións, o alcalde-presidente, ou concelleiro delegado en materia de Persoal, ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e se resolverán as reclamacións que, no seu caso, se presentaran.

Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org).

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

5.1. Na Resolución de Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, designarase nominativamente a composición do Tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O Tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.2.c) e d) e o artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, así como garantindo os criterios de competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e no Real decreto 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: Persoal funcionario de carreira do grupo/subgrupo A1-A2 ou asimilado do Concello de Arteixo ou doutra administración pública (titular e suplente).
- Secretario/a, quen actuará con voz e voto: O/a secretario/a da corporación ou funcionario da corporación que o substitúa (titular e suplente).
- Vogais: Tres vogais, sendo funcionarios de carreira ou laboral fixo indistintamente de calquera Administración Pública, preferentemente da administración local da área competencial da praza/s convocadas (titulares e suplentes).

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas cando as circunstancias así o aconsellen, os cales actuarán con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que realiza a convocatoria, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

5.3 O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a, titular ou suplente.

5.4 O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

5.5 Os acordos adoptados polo tribunal cualificador serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

5.6 Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/deseestimadas) as solicitudes de emenda, así como a recusación/abstención dos membros do tribunal, de ser o caso.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, sendo previa a fase de oposición e pasando á fase de concurso unicamente as persoas aspirantes que superen a oposición.

A data e a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo alcalde mediante resolución, xuntamente coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos municipal e complementariamente na páxina web do Concello ("selección de persoal"). Os sucesivos anuncios de chamamento a realización de probas e exercicios serán igualmente publicados no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal.

FASE DE OPOSICIÓN: (máximo 15 puntos, 60% da totalidade do proceso selectivo)

A Fase de oposición consistirá na realización obrigatoria de un primeiro exercicio conformado por dúas probas de esforzo/resistencia física/capacidade aeróbica e un exercicio de perfil lingüístico/proba de galego, ambos de carácter eliminatorio.

No suposto de que todas persoas aspirantes non podan ser convocadas ao tempo para realización das probas da oposición, a orde de chamamento e participación dos/as candidatos/as empezará pola letra letra «F», de conformidade co previsto Resolución do 21 de xaneiro 2025 (DOG num. 16 do 24 xaneiro 2025).

1º exercicio PROBAS FÍSICAS: eliminatorio.

O primeiro exercicio consistirá na realización de 2 probas físicas descritas de seguido, sendo que dado o carácter eliminatorio, a puntuación máxima de ambas probas é de 15 puntos, sendo necesario acadar unha suma de 7 puntos entre ámbalas dúas probas para superar este exercicio:

1 º PROBA: CARREIRA 1 kilómetro: puntuación máxima 5 puntos

Carreira en circuíto chan, establecéndose os seguintes tempos coa correspondente puntuación ate o máximo de 5 puntos: Outorgaráselle unha puntuación de 4 puntos a todos aqueles que realicen un tempo de 5 minutos para os aspirantes masculinos e 5 minutos e 30'' para as aspirantes femininas, mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá proporcionalmente 0'10 puntos cada 10". Isto é a puntuación máxima de 5 puntos corresponderá á persoa aspirante que remate a proba en 3 minutos 20 "(aspirantes masculinos) ou 3 minutos 50" (aspirantes femias)

2ª PROBA: CARREIRA 3.200 con mochila: puntuación máxima 10 puntos

Consistirá en camiñar unha distancia de 3.200 metros en chan, cun peso de 11 quilos á espalda durante un tempo de 30 minutos. (Proba incluída en base á modificación introducida pola Resolución de 14 de maio 2019 da Dirección Xeral de Función pública da Xunta de Galicia).

Os/as aspirantes que realicen a proba no tempo de 30 minutos serán cualificados con 7 puntos, mentres que para os demais establecerase unha puntuación correlativa que ascenderá ou descenderá proporcionalmente 0'10 puntos cada 20", isto é a puntuación máxima de 10 puntos corresponderá á persoa aspirante que remate a proba en 20 minutos.

2º exercicio: EXAME DE LINGUA GALEGA: carácter obrigatorio e eliminatorio, salvo as persoas aspirantes exentas de realización. Cualificación Apto/Non apto.

Proba dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e/ou escriben correctamente o galego. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Aos/ás aspirantes que acrediten, con carácter

previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de “apto”, para o que se lles esixirá o título Celga III ou equivalente (iniciación) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), artigo . No suposto de non estar exentos/as deste exercicio, os/as aspirantes deberán obrigatoriamente realizar unha proba que consistirá nunha tradución escrita inmediata dun texto facilitado polo Tribunal en lingua castelá, á lingua galega (máximo 100 palabras), e que será cualificada como apto/non apto (erros máximos 10 incluídos tanto ortográficos, léxicos como de acentuación). Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico. A duración máxima deste exercicio será de 30 minutos.

FASE DE CONCURSO: A puntuación total de fase de concurso é de 10 puntos, correspondendo ao 40% da totalidade do proceso selectivo.

A fase de concurso das persoas aspirantes, valorarase de acordo co baremo de méritos establecido no presente apartado e unicamente accederán as persoas aspirantes que teñan superada a Fase de oposición.

Os méritos aos que se fai referencia neste baremo, deberán posuírse na data na que se realice a selección, computándose, en calquera caso, a dita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente.

BAREMO DE MÉRITOS :

1, MÉRITOS PROFESIONAIS:

A experiencia profesional deberá acreditarse con Informe de Vida laboral máis a copia de contratos/nomeamentos ou, no seu defecto certificado de servizos onde se especifique claramente datas de prestación do servizo e categoría profesional. No caso de servizos na Administración pública unicamente será necesario o certificado do/a Fedatario/a público da Administración coa especificación de datos de tempo, posto e tipoloxía de xornada.

- Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas propias da categoría do posto convocado (Xefe/a de Brigada ou Operario de Brigada Forestal) ata un máximo de 6 puntos, segundo o seguinte:

XEFE/A DE BRIGADA: por experiencia profesional tanto na empresa privada como na Administración pública ate o máximo sinalado con referencia a xornada completa (no suposto de xornadas parciais, aplicarase puntuación segundo porcentaxe de xornada):

- 0`25 puntos por cada mes completo como xefe de brigada, capataz de brigada e categoría asimilada que implique coordinación de equipo humano en materias de prevención e intervención en incendios forestais.

- 0`10 puntos por cada mes completo como operario de brigada ou calquera outra categoría profesional relacionada coa prevención de incendios forestais.

OPERARIO/A CONDUTOR/A e OPERARIOS/AS DE BRIGADA:

- 0`25 puntos por cada mes completo de experiencia laboral como operario de brigada ou calquera outra categoría profesional relacionada coa prevención de incendios forestais ate o máximo sinalado.

2. MÉRITOS ACADÉMICOS: Puntuación máxima neste apartado 4 puntos.

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento – aparte do establecido como requisito - realizados nos últimos 10 anos con referencia á data de remate do prazo de presentación de instancias (a excepción de titulacións universitarias e titulacións técnicas do sistema regrado de FP e análogas homologadas nas que non se aplica este límite temporal). Os cursos a baremar como mérito deberá estar directamente relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou cursos homologados por estas. Valoraranse os cursos e accións formativas relacionadas coas funcións de prevención de incendios forestais, incluíndo as de prevención de riscos propias do posto: 0`10 puntos por cada 10 horas acreditadas ate o máximo sinalado. Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Valoraranse en todo caso os cursos sobre seguridade e hixiene no traballo. Os méritos acreditaranse mediante copias ou orixinais dos correspondentes títulos ou diplomas. En caso de estar en posesión de distintas titulacións, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

A publicación dos resultados obtidos na valoración de méritos, do mesmo xeito que todos os anuncios sobre o desenvolvemento do presente proceso selectivo, realizaranse no taboleiro de edictos do Concello, e complementariamente na web oficial do Concello de Arteixo, no apartado de “selección de persoal”.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

7.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas na Fase de oposición mais a obtida na fase do concurso de méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de edictos e na paxina web do Concello (www.arteiro.org) o resultado final, ordenando ás persoas aspirantes por orde de puntuación e contendo propostas de contratacións como persoal laboral temporal con contrato a xornada completa por circunstancias da produción con duración de 3 meses, como xefe/a de Brigada (1) e como operarios/as de Brigada (operario/a condutor e operarios/as de Brigada) (4).

No caso de producirse empate na puntuación final, a orde de prelación de puntuacións finais, prevalecerá a persoa aspirante de sexo feminino mentres se acredite a infrarepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. De persistir o empate, farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva para resolvelo: maior puntuación no apartado de experiencia profesional da praza a que se aspira (Xefe/a de Brigada ou Operario/a de Brigada) e, a continuación, maior puntuación no apartado cursos de formación.

Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra letra «F», de conformidade co previsto Resolución do 21 de xaneiro 2025 (DOG num. 16 do 24 xaneiro 2025).

Xunto coa Listaxe de puntuacións totais contendo propostas de contratacións, o Tribunal emitirá proposta dos restantes aspirantes ordenados segundo prelación, para supostos de renuncia, baixa voluntaria e análogas situacións para coberturas temporais de prazas de similar natureza que as convocadas. Dita Listaxe e proposta será exposta no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal, outorgándose un prazo de 3 días hábiles para presentación de posibles reclamacións/recursos/alegacións.

Toda vez rematado dito prazo, a Alcaldía Presidencia resolverá en base á Proposta final emitida polo Tribunal (toda vez resoltas as alegacións/reclamacións de ser o caso).

Contra esta resolución definitiva, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición e/ou contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

8.1.- As persoas aspirantes seleccionado/as e propostas a para Xefe/a de Brigada (1) e para Operario/as de Brigada (4), no prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do seguinte ao do chamamento polo Departamento de Persoal e RR.HH. do Concello de Arteixo, deberá presentar os seguintes documentos, agás aqueles que xa obren no expediente:

- a. Copia do DNI
- b. Copia do título esixido na convocatoria
- c. Ficha de persoal cuberta, datos bancarios, tarxeta sanitaria e/ou número de afiliación seguridade social e declaración de situación familiar de Facenda.
- d. Declaración responsable de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo (válida ratificación da sinatura da instancia).
- e. Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo ás administracións públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas (válida ratificación da sinatura da instancia).
- f. Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (válida ratificación da sinatura da instancia).
- g. Copia do certificado de delitos de natureza sexual no caso de proceder (ou autorización para acceso á Base de datos de delitos/antecedentes sexuais).

8.2.- As persoas que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, decaendo en tódolos seus dereitos derivados deste proceso selectivo e sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar nesta selección.

8.3 Ata que se formalice o correspondente contrato temporal e as persoas propostas a contratación se incorporen, non existe vinculación laboral efectivo nin dereito a percepción económica algunha. Coa efectiva formalización do contrato e alta na seguridade social, os/as aspirantes propostos realizarán un recoñecemento médico segundo Protocolo específico dos postos de traballo, no suposto de non superar o mesmo, non se formalizará contrato ou o mesmo revogarase. Os/as aspirantes seleccionados/as quedarán sometidos a un período de proba de un mes, nos termos do artigo 14 do Estatuto dos traballadores.

NORMAL FINAL.- LEXISLACIÓN APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procede-

mento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

1. Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
2. Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
3. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
4. Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
5. Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
6. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
7. Lei 7/2023, do 30 de novembro, de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
8. Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís do Estado.
9. Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
10. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
11. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA.

D./D^a con DNI.:
con enderezoe telefono de contacto
mail.....

EXPÓN: Que tendo coñecemento da Convocatoria e Bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura temporal dun posto de (sinalar cunha x ao que opta, no caso de optar a mais dun, marque con varias X):

- .- XEFE DE BRIGADA FORESTAL
- .- OPERARIO/A CONDUTOR BRIGADA FORESTAL
- .- OPERARIO/A BRIGADA FORESTAL

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo tódolos requisitos establecidos nas mesmas (capacidade funcional ou non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza e non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme nin en causa de incompatibilidade)

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha X) ou solicítase se incorpore a documentación obrante no Rexistro de persoal

- .-DNI
- .- Titulación de acceso
- .-Certificado médico oficial
- .-Copia méritos académicos e profesionais
- .-Acreditación CELGA 3 ou equivalente (para exención da realización do exame de lingua galega)
- .-Carné de conducir tipo B para os postos de xefe de brigada e operario condutor

SOLICITA: sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O Concello de Arteixo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

Arteixo, 20 de xuño de 2025

Asdo.: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2025/4099